

**ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DE "SERVIZO DE DOCENCIA PARA A IMPARTIÇÃO DE ACCIONS FORMATIVAS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL". APERTURA DE PROPOSTA ECONÓMICA.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Tui e ás doce horas e coreta e cinco minutos do día 10 de xullo de 2014, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello D^a Irene Suárez López, o coordinador dos cursos de formación ocupacional D. Cesar Estévez Viñas e o concelleiro de facenda e patrimonio D. Marcelino E. Cendón Vázquez, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria D^a María Jesús Blanco Martínez.

Con data 8 de xullo 2014 a Mesa de Contratación constitúese aos efectos de apertura do sobre A - documentación administrativa-, acordándose, por unanimidade, admitir a tódalas empresas presentadas á licitación, que son:

- 1.- R.E. nº 5676 de 02/07/2014.- Norformación, S.L., con enderezo en avda. Domingo Bueno, nº 48, baixo, 36400 O Porriño.
- 2.- R.E. nº 5677 de 02/07/2014.- Formagal, Formación y Servicios, S.L., con enderezo en Monteporreiro-Pontevedra.
- 3.- R.E. nº 5678 de 02/07/2014.- Academia Postal 3, S.L., con enderezo en rúa López Mora, nº 10-baixo, 36211 Vigo.
- 4.- R.E. nº 5679 de 02/07/2014.- G12 Grupo Empresarial de Servicios, S.L., con enderezo en rúa Torrecedeira, nº 97-baixo, 36202 Vigo.
- 5.- R.E. nº 5730 de 03/07/2014.- Fundación para a orientación profesional, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, emprego e a formación en Galiza (forGA), con enderezo en Avda. Aeroporto, nº 92, 1º andar, 36206 Vigo.
- 6.- R.E. nº 5731 de 03/07/2014.- Centro de Formación ICA, S.L., con enderezo en rúa Portela, nº 12 interior - Calvario, 36205 Vigo.
- 7.- R.E. nº 5.732 de 03/07/2014.- Fundación Laboral de la Construcción, con enderezo en camiño da Raposeira, nº 24, 36214 Vigo.
- 8.- R.E. nº 5733 de 03/07/2014.- Recursos Galicia, S.L., con enderezo en Polígono de Boisaca, 15890 Santiago de Compostela.

A presente licitación ten un orzamento total de: 45.320,76€ para as dúas accións formativas a contratar.

O criterio de adjudicación establecido no contrato, de conformidade co prego de cláusulas administrativas aprobado, será o de criterios cuantificables de forma automática. Oferta económica. Baixas ofertadas sobre o prezo total do contrato, ata un máximo de 10 puntos. Puntuarase con 0 puntos aquelas ofertas que propoñan o tipo establecido. Outorgarase a valoración máxima á oferta máis baixa. O resto das ofertas serán valoradas proporcionalmente de acordo coa fórmula que se establece no prego.

Pola Mesa de Contratación se procede á apertura do sobre B), correspondente á proposta económica, realizando a seguinte oferta cada unha das empresas presentadas:

EMPRESA	PROPOSTA ECONOMICA TOTAL
Norformación, S.L	31.875,90 €
Formagal, Formación y Servicios, S.L.	40.789,00 €
Academia Postal 3, S.L.	35.803,40 €
G12 Grupo Empresarial de Servicios, S.L.	31.875,90 €
(forGA)	31.481,59 €

Centro de Formación ICA, S.L.	34.596,00 €
Fundación Laboral de la Construcción	40.788,68 €
Recursos Galicia, S.L.	40.800,00 €

O prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación, na cláusula 13º, establece entre outros aspectos que (...) "*Considerarase, en principio, como desproporcionadas ou anormais as ofertas que se encontren nos seguintes supostos:*

(...)Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse temerarias aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 5% da devandita media. Mentres, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 5% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía. En calquera caso, consideraranse temerarias todas as ofertas con baixas porcentuais superiores a 10%.

- Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

1º.- Axeitada xustificación dos prezos ofertados.

2º.- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada."

En base ao indicado anteriormente, os membros da mesa de contratación expresan a existencia de ofertas anormais ou desproporcionadas das empresas:

.- Norformación, S.L, por importe de 31.875,90 €.

.- G12 Grupo Empresarial de Servicios, S.L., por importe de 31.875,90 €.

.- Fundación para a orientación profesional, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, emprego e a formación en Galiza (forGA), por importe de 31.481,59€.

A cláusula referida anteriormente se deberá completar co recollido no artigo 152.3 do TRLCSP, que indica: "*(...)3.- Cuando se identifique una proposición que pueda ser considerada desproporcionada o anormal, deberá darse audiencia al licitador que la haya presentado para que justifique la valoración de la oferta y precise las condiciones de la misma, en particular en lo que se refiere al ahorro que permita el procedimiento de ejecución del contrato, las soluciones técnicas adoptadas y las condiciones excepcionalmente favorables de que disponga para ejecutar la prestación, la originalidad de las prestaciones propuestas, el respeto de las disposiciones relativas a la protección del empleo y las condiciones de trabajo vigentes en el lugar que se vaya a realizar la prestación, o la posible obtención de una ayuda de Estado. En el procedimiento deberá solicitarse el asesoramiento técnico del servicio correspondiente.*"

Á vista do anterior e co obxecto de determinar se as ofertas presentadas das empresas que se indican a continuación poden ser desproporcionadas ou anormais, e tendo en conta a regulación establecida ao efecto nos artigos máis arriba transcritos, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

Primeiro.- Solicitar ás seguintes empresas, *xustificación da viabilidade da proposta económica presentada no tocante á axeitada xustificación dos prezos ofertados e relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada:*

.- Norformación, S.L., con enderezo en avda. Domingo Bueno, nº 48, baixo, 36400 O Porriño.

.- G12 Grupo Empresarial de Servicios, S.L., con enderezo en rúa Torrecedeira, nº 97-baixo, 36202 Vigo.

.- Fundación para a orientación profesional, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, emprego e a formación en Galiza (forGA), con enderezo en Avda. Aeroporto, nº 92, 1º andar, 36206 Vigo.

Segundo.- Outorgar un prazo de tres días hábiles ao licitador ao efecto de presentar a xustificación solicitada, dado que se trata dun contrato tramitado por procedemento aberto e urgente.

Terceiro.- Unha vez rematado o prazo, proceder a remitir a oferta e xustificación presentada ao técnico municipal para a emisión do informe ao que fai referencia o art. 152.3 do TRLCSP.



De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. M^a Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA DO CONCELLO.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Irene Suárez López.

O COORDINADOR DOS CURSOS DE FORMACION OCUPACIONAL – O CONCELLEIRO DE FACENDA E PATRIMONIO

Asdo: Cesar Estévez Viñas.

Asdo. D. Marcelino E. Cendón Vázquez

